

# Poder non é querer

Noela Rivas Cantelar




# A autora



## Noela Rivas Cantelar

(Brión, 2002) é estudante de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago de Compostela. Cursou os seus estudos no CPR Divino Maestro e no IES Arcebispo Xelmírez I. No ano 2016 foi seleccionada como gañadora autonómica da 8ª edición do Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto por *Bágoas de madrugada* e foi tamén finalista da edición en castelán co relato *Susurro de Nostalgia*. Neste mesmo ano completou un Curso Intensivo de Creación Literaria en Función Lenguaje, centro de literatura aplicada de Madrid. Actualmente edita o blog

*boidepallaboidepalla.blogspot.com*, un espazo web integramente en lingua galega.



## Contexto e xénero literario

A novela, de temática xuvenil, está ambientada na actualidade. Nela nállanse os dous últimos meses da vida da protagonista, unha moza que cursa segundo de bacharelato, á vez que se intercalan fragmentos de menor extensión que constitúen unha liña temporal presente. Grazas á combinación de planos temporais, ás lectoras e lectores achégaselles unha caracterización máis completa dos personaxes. Polas súas páxinas esvaran problemas que apremen a mocidade actual, desde os trastornos da conduta alimentaria ata os prexuízos que rodean as primeiras experiencias sexuais, pasando pola configuración da identidade propia e as consecuencias do abuso do consumo de estupefacientes.

## Argumento e temas

*Poder non é querer* conta a historia de Mariña Levioso, unha moza de dezasete anos que esperta no hospital nun estado de total confusión. Incapaz de recordar nada do que ocorreu a noite anterior, a protagonista recibirá unha serie de visitas que axudarán a artellar un relato verosímil do que sucedeu no primeiro trimestre de segundo de bacharelato, e a descubrir a súa vinculación con Evanxelina, unha bailarina retirada do Ballet de París.

Grazas á carta que unha das súas mellores amigas, Clara, lle fai chegar ao hospital onde está ingresada, desátase ante Mariña o poder inclemente das adiccións, a paradoxal situación que a levará á descuberta da sexualidade propia e un dos segredos mellor gardados pola súa familia: a verdadeira identidade do seu pai.



CONDUTAS ABUSIVAS  
NAS RELACIÓNS  
ADOLESCENTES



DESCUBERTA DA  
SEXUALIDADE



DROGAS  
E ADICCIÓNS



TRASTORNOS DA CONDUTA  
ALIMENTARIA



A VIOLENCIA  
DE XÉNERO



A FORZA DO RECORDO:  
A DEMENCIA SENIL



A BUSCA  
DA IDENTIDADE PERSOAL

# Actividades previas á lectura

- 1º** Sabes que é un trastorno da conduta alimentaria?
- 2º** De que xeito cres que os estereotipos que se proxectan a través das redes sociais poden afectar á percepción da imaxe propia?
- 3º** Poderías localizar algún exemplo normalizado na linguaxe cotiá, como un “piropo”, pero que en realidade agoche un prexuízo ou discriminación cara ao aspecto físico doutra persoa?

# Actividades posteriores á lectura

### O TÍTULO

O TÍTULO É O PRIMEIRO RECLAMO PARA O LECTOR.

- O título está tirado da frase feita *querer é poder*, con que obxectivo cres que se inverteu a orde das palabras?
- Paréceche significativo que os capítulos da novela leven cadanseu título, pero os fragmentos intercalados non estea intitutados?
- Cres que o feito de que os fragmentos situados no hospital se insiran sen título contribúe á fusión de planos temporais?

### OS TEMAS

- É a esencia da novela, o que se quere transmitir a través da trama, o argumento e os personaxes.
- A presenza da música é unha constante na novela. Coñeces as cancións que se inclúen? De que xeito cres que as letras poden estar relacionadas cos temas da narración?

- Consideras que o tratamento de sexualidades non “normativas” segue a ser un tabú na literatura en galego?
- O tema da violencia física e psicolóxica cara ás mulleres tamén se trata na novela. Selecciona algún parágrafo onde se amose.

### OS PERSONAXES

- Son os protagonistas da novela, os que van movendo a trama en todas as direccións. Viven a través do que fan, do que pensan, do que o narrador elixe contarnos deles, etc.
- Sabes que é unha anagnórise entre personaxes? Indica un exemplo tirado da novela.
- Indica de que xeito influíu o personaxe de Evanxelina na evolución da protagonista. Podería establecerse unha identidade entre ambas as mulleres?
- Reflexiona sobre o xeito no que a adicción ao consumo de drogas condiciona a acción dos personaxes.



# Guía didáctica

## **O NARRADOR**

- O punto de vista á hora de contar unha historia é decisivo para que esta funcione e sexa amena para o lectorado.
  - Que tipo de narrador é o desta historia?
  - Cres que a transcripción de fragmentos da carta de Clara, escrita en primeira persoa, axuda a que o público lector empatice máis con este personaxe?
  - Gustaríache que na narración da historia se combinase o punto de vista de distintos personaxes?
- O tempo é a época en que transcorre a historia.
  - Identifica os dous planos temporais principais onde se desenvolve a novela.
  - Con que obxectivo cres que se insire ao final do libro un epílogo que sitúa a narración dez meses máis tarde?

## **OBRADOIRO DE ACTUALIDADE SOCIOLÓXICA**

### **OBXECTIVO**

- Reflexionar sobre as posibles causas que contribúen ao desenvolvemento de trastornos da conduta alimentaria.

## **O TRATAMENTO DO ESPAZO E DO TEMPO**

### **ACTIVIDADES**

- O espazo é o lugar, o escenario onde se desenvolve a trama da novela.
  - Ao comezo da novela, Mariña frecuenta diferentes espazos de socialización (o Souza's, o Blue Fantasy...) e, a medida que avanza a trama, pasa cada vez máis tempo recluída no seu cuarto. Como relacionarías a cuestión dos espazos coa evolución do seu trastorno?
  - Indica de que xeito a descrición do apartamento de Evanxelina proporciona información sobre a historia pasada desta personaxe.
- Nos últimos 30 anos, os casos de TCA incrementáronse de xeito notable entre a mocidade. Reflexiona sobre o xeito en que a sobre-exposición a imaxes nas redes sociais puido contribuír a este incremento.
  - Por que cres que a maior parte dos casos de TCA se diagnostican a persoas de xénero feminino? De que maneira inflúen os estereotipos de xénero nesta cuestión?
  - Busca información sobre os conceptos cultura da dieta e operación bikini e debate sobre se na sociedade actual se antepón a estética á saúde. Consideras que isto pode mudar coas xeracións vindeiras?

# Guía didáctica

## INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA E MATERIAL DE CONSULTA PARA O PROFESOR E O ALUMNADO

- *Un pozo moi fondo: anorexia, bulimia e outros trastornos da conducta alimentaria*, de Jose Luis Iglesias Diz, Biblioteca de intervención social, 2012, editorial Galaxia
- *Mi cuerpo, mi enemigo*, 2009, documental de RTVE baseado en crónicas de persoas que sofren un avanzado estado de anorexia nun centro de recuperación.
- *Clara frente al espejo*, 2016, novela de Belén Olías Ericsson, editorial Almuzara, en que se narra a historia dunha moza durante o proceso de recuperación dun trastorno de anorexia nerviosa.
- *Petricor*, documental dirixido por Victòria Morell Salom en que se recolle o testemuño de tres xeracións de mulleres afectadas por desordes da conduta alimentaria, como a bulimia e a anorexia.
- *Princesas de cristal*, 2019, editorial Almuzara. Diario escrito a tres mans por Ana, unha moza que sufriu un trastorno de alimentación; Ignacio, o seu pai; e Azucena, a súa terapeuta.
- *Hola, soy Edu y tengo un TCA*, 2012, TEDTalk do xornalista e guionista Eduardo Prádanos onde narra en primeira persoa a experiencia do que supón vivir cun TCA e comparte as claves para superalo día a día.

# Guía didáctica

---



Xuvenil / a partir dos 14 anos



 @famos.delibros

 @EdGalaxia

 @galaxiaeditorial

 [www.editorialgalaxia.gal](http://www.editorialgalaxia.gal)